



Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Gato
Concellos:	Aranga, Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor	GREENALIA WIND POWER, SLU
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2017/04
Expte.:	03.I.498.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3256/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 01.03.2021 recibíuse, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Gato, en los términos municipales de Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020* e *Proyecto Sectorial del Parque Eólico Gato, en los términos municipales de Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña), Febrero 2020*.

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia, solicítase que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

INFORME:

Antecedentes e feitos

O 26.12.2017, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención *Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Gato (Aranga e Oza dos Ríos- Cesuras, A Coruña)* (ED 102A 2017/608-0), dirixida polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, da empresa Equite, e promovida por Greenalia Wind Power SL.

Consideración legais e técnicas

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- Resolución de 20 de novembro de 2013, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, Galicia; Reserva da Biosfera de Terres de l'Ebre, Cataluña; Reserva da Biosfera do Real Sitio de San Ildefonso-El Espinar, Castilla e León, e a ampliación da Reserva da biosfera Ordesa-Viñamala, Aragón (BOE núm. 321, do 30.12.2013)





Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Gato de 25,2 MW de potencia total, que constará de 6 aerogeneradores, de 4,2 MW de potencia nominal, 112 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares (zonas de campamento de obra, maquinaria e amoreamentos), sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado, subestación transformadora e edificio de control.
- O Parque Eólico Gato evacuará a súa enerxía desde SET PE Gato 30/220 kV, subestación compartida cos parques eólicos Felga e Penas Boas. Desde a SET PE Gato partirá unha liña eléctrica aérea ata a subestación de Mesón do Vento 220kV de Red Eléctrica de España. Esta infraestrutura de evacuación tamén será compartida polos parques eólicos Gato, Felga e Pena Boas e será obxecto de outro expediente de avaliación ambiental. Actualmente descoñécese o seu deseño final.
- O acceso xeral ao parque realizarase a partir da infraestrutura viaria da zona, desde a autovía A-6 e a estrada AC-230, utilizando unha pista que parte do km 39 da AC-230. Prevese o acondicionamento das pistas existentes e a apertura de novos viarios.
- Das tres alternativas presentadas a elixida é a nº 3 coa que, segundo os redactores, se reducen os posibles impactos negativos sobre o medio ambiente. Na súa selección tiveronse en conta os elementos do patrimonio cultural catalogados existentes na zona e os seus contornos de protección. Así mesmo, considerouse a presenza do Camiño de Santiago- Camiño Inglés que discorre a uns 10 km do ámbito do parque.
- No punto 5 *Descripción del medio preoperacional* da Memoria, no subapartado 5.2.10 *Patrimonio arqueológico*, inclúese unha relación dos bens máis próximos ao ámbito de afección e remítesenos ao Anexo nº5, no que se expoñen os resultados do estudo de impacto arqueolóxico. Por outro lado, no subapartado 5.2.5 *Recursos culturais*, exponse a riqueza cultural dos concellos afectados facendo referencia, entre outros aspectos, aos seus principais bens culturais.
- No punto 6 *Identificación y valoración de impactos*, no subapartado 6.3.13 *Impacto sobre el patrimonio cultural*, facendo referencia ao Anexo nº5 sinalase que a execución do parque se considera compatible, considerando necesario levar a cabo medidas preventivas e vixiar e controlar a obras nas proximidades aos bens culturais.
- No apartado 6.4 *Evaluación de los efectos sinérgicos*, os redactores analizan os efectos da construción de 6 parques eólicos, PE Felga, Gato, Seselle, Feás, Penas Boas e Fontella, que sumarán un total de 40 aerogeneradores nun área de menos de 5 km. Non están incluídas no estudo nin as liñas eléctricas existentes nin as liñas de evacuación dos parques proxectados. No que respecta ao patrimonio cultural, no subapartado 6.4.1 *Fase de obras*, sinalase que soamente podería producirse algún efecto sinérxico co inmediato parque eólico Felga e que preto da zona de implantación deste parque unicamente localízase un elemento, o *Petróglifo da Fonte do Oso 2* (GA15027034), sen ningunha actuación dentro da súa área de cautela. No análise omítese a existencia de numerosos elementos catalogados tanto no ámbito de implantación do parque como na área na que están previstos os accesos e non se valora a grave agresión visual que suporá a construción destes 6 parques eólicos e as súas liñas de evacuación sobre un área de gran riqueza patrimonial.
- Dentro do punto 7 *Establecimiento de medidas*, no apartado 7.1 *Descripción de las medidas preventivas, correctoras y compensatorias*, concretamente no subapartado 7.1.15. *Medidas sobre el patrimonio cultural*, remítesenos ao Anexo nº 5 e propónse como medida compensatoria realizar un plan de rentabilización do patrimonio da Necrópole do Monte do Gato, que incluíría a limpeza continuada dos túmulos e os seus accesos, e a súa posta en valor mediante elementos didácticos. Este programa realizaríase baixo a autorización e coordinación do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Así mesmo, propónse incluír tamén medidas de conservación e cartelería sobre a prohibición de vertidos de entullos e lixo. No apartado 7.5 *Valoración de impactos con el establecimiento de medidas*, non se consideran as afeccións do proxecto sobre o patrimonio cultural.
- No Anexo nº5 *Estudio de Impacto sobre patrimonio cultural* preséntase a memoria da avaliación sobre o patrimonio cultural, cos resultados da *Prospección arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Gato (Aranga e Oza dos Ríos-Cesuras, A Coruña)* (ED 102A 2017/608-0).

No documento inclúese unha táboa coa avaliación das afeccións sobre os bens do patrimonio cultural localizados no ámbito de actuación. Preséntanse fichas individualizadas dos bens con valoración do impacto e proposta de medidas correctoras.

A valoración do impacto sobre os bens arqueolóxicos afectados polo proxecto é a seguinte :

•





Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Código	Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
REF15063008	Mámoa 19 do Monte do Gato	Viario a > 4 m ao E	Severo
GA15063016	Mámoa 1 do Monte do Gato	Viario a > 5 m ao W. Ocupación do sobreancho	Severo
GA15063032	Mámoa 2 do Monte do Gato	Viario a > 18 m ao E. Talas, rozas e arranque de cachopas en 3 m, paso de maquinaria pesada	Severo
GA15063033	Mámoa 3 do Monte do Gato	Viario a > 45 m ao NE	Severo
GA15063034	Mámoa 4 do Monte do Gato	Viario a > 15 m ao NE. Talas, rozas ocupación do sobreancho	Severo
GA15063035	Mámoa 5 do Monte do Gato	Viario a > 4 m ao SE	Severo
GA15063037	Mámoa 7 do Monte do Gato	Viario a > 8 m ao SW	Severo
GA15063038	Mámoa 8 do Monte do Gato	Viario a > 28 m ao SW	Severo
GA15063039	Mámoa 9 do Monte do Gato	Viario a > 7 m ao SW	Severo
GA15063040	Mámoa 10 do Monte do Gato	Viario a > 26 m ao NE	Severo
GA15063041	Mámoa 11 do Monte do Gato	Viario a > 1 m ao NE	Severo
GA15063042	Mámoa 12 do Monte do Gato	Viario a > 1 m ao NE. Tala e rozas	Severo
GA15063043	Mámoa 13 do Monte do Gato	Viario a > 1 m ao E. Talas e rozas	Severo
GA15063044	Mámoa 14 do Monte do Gato	Viario a > 1 m ao E	Severo
GA15063054	Mámoa 15 do Monte do Gato	Viario a > 8 m ao SW	Severo
GA15063061	Mámoa 17 do Monte do Gato	Viario a > 35 m ao NE	Severo
GA15063063	Mámoa 20 do Monte do Gato	Viario a > 2 m ao NE	Severo
GA15063036	Mámoa 6 do Monte do Gato	Viario a > 160 m ao SW	Moderado
GA15063060	Mámoa 16 do Monte do Gato	Viario a > 80 m ao NE	Moderado
GA15063062	Mámoa 18 do Monte do Gato	Viario a > 95 m ao W	Moderado
GA15063045	Mámoa 4 de Mazarelas I	Viario a > 60 m ao NW	Moderado
GA15063046	Mámoa 5 de Mazarelas I	Viario a > 150 m ao NW	Moderado
GA15063017	Mámoa 2 de Mazarelas I	Viario a > 315 m ao N	Sen afección
GA15063018	Mámoa 6 de Mazarelas I	Viario a > 315 m ao N	Sen afección
GA15063048	Mámoa 8 de Mazarelas I	Viario a > 230 m ao N	Sen afección
GA15063006	Casa Queimada de Mazarelas	Viario a > 275 m ao NE	Sen afección
GA15003005	Mámoa 1 de Portomoeiro	Viario a > 460 m ao W	Compatib
GA15003057	Mámoa 8 de Portomoeiro	Viario a > 590 m ao SW	Compatible

As medidas correctoras propostas son as seguintes:

- Reflectir na cartografía de obra as delimitacións dos elementos afectados polo proxecto.
- Restrición das obras de acondicionamento de viarios ao ámbito físico das pistas existentes, ampliándose só nos casos necesarios e cara o lado contrario dos bens.
- Utilización de pranchas metálicas para os sobreanchos a realizar, con fin de non alterar as rasantes do terreo en zonas inmediatas aos bens. Estes sobreanchos de pranchas metálicas manteranse fora das áreas de protección integral dos elementos patrimoniais. Esta medida propónse para os bens : Mámoa do Monte do Gato 1, 2 e 4.
- Balizado permanente (durante os traballos) dos laterais das pistas nos que se atopen os bens. Os tramos a balizar abarcarán os treitos de pista que estean dentro da área de cautela do ben. Estas proteccións respectarase durante toda a obra e non poderán ser franqueados por maquinaria nin vehículos. Nalgúns casos o tramo balizado será o límite ata o que poderá chegar o sobreancho previsto para o viario.





Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- Control e seguimento arqueolóxico a pé de obra das remocións de terra que se realicen nas zonas de cautela dos elementos patrimoniais afectados e das talas e rozas nas zonas de cautela dos bens : Mámoa do Monte do Gato 2, 12, 13
- Control e seguimento arqueolóxico de toda a obra, desde a fase de rozas e replanteo, que deberá ser continuo e a pé de obra nas áreas de cautela.
- Desenvolvemento dun proxecto de posta en valor do patrimonio cultural no ámbito do parque e a súa contorna.

No estudo de impacto arqueolóxico conclúese que, coa adopción das medidas correctoras propostas, o impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural da zona pode considerarse como compatible. No informe non se valora o seu impacto visual sobre os bens culturais do ámbito. Por outro lado, cómpre sinalar, que dada a alta potencialidade arqueolóxica da zona, a vexetación existente pode ocultar elementos arqueolóxicos aínda non identificados.

- No Anexo nº 3 *Estudio de impacto e integración paisajística*, no subapartado 5.2.4 *Valoración de la incidencia visual* do punto 5 *Análisis del proyecto*, sinálase que a *Necrópole do Gato*, a 140 m do aeroxerador 06 e atravesada polo viario de acceso, localízase nos terreos catalogados con afección visual moi alta.

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.

- No seu punto 3 *Estudio de la incidencia territorial*, no apartado 3.5 *Protecciones culturales*, recóllese a necesidade de contar cun estudo de avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio histórico, e en especial sobre o patrimonio arqueolóxico, que deberá incluír unha prospección arqueolóxica do ámbito afectado e un programa de actuacións de conservación e protección do patrimonio arqueolóxico.
- No punto 4 *Evaluación del impacto*, no subapartado 4.1.2.4 *Impacto sobre el patrimonio cultural*, establécese que se levará a cabo un estudo específico para determinar e avaliar as afeccións sobre este patrimonio. No subapartado 4.1.2.6 *Impacto sinérgico*, sinálase que non se producirán efectos sinérxicos sobre o patrimonio cultural. Cómpre destacar que nesta valoración non se inclúen os parques eólicos en tramitación Seselle, Feás, Fontella e Penas Boas nin as súas liñas de evacuación.
- No referente as medidas protectoras e correctoras, no subapartado 4.2.11 *Medidas sobre el patrimonio cultural*, expónse que estas actuacións serán as establecidas na memoria de impacto arqueolóxico a desenvolver, considerándose a posibilidade da posta en valor da Necrópole de Monte do Gato.
- No anexo nº 3 *Justificación DOT* do proxecto sectorial, no punto *Análisis de compatibilidad estratégica (ACE)*, no seu subapartado 3.3 *Relación con los elementos territoriales estratégicos*, sinálase que a instalación do parque eólico non afectará ao patrimonio cultural da zona, polo que se considera o impacto como moderado.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Gato (febreiro 2020) cos datos e planimetría Proxecto Sectorial do Parque Eólico Gato con visado de 28.10.2020, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O PE Gato comparte promotor, subestación transformadora, torre anemométrica, acceso xeral e liña de evacuación co PE Felga, inmediato a el, polo que poderíamos encontrarnos ante una división artificial dun único parque eólico.

O parque está proxectado na dorsal dos Montes do Gato, nun ámbito de gran riqueza arqueolóxica, prolongación xeográfica do espazo no que se localizan as necrópoles tumulares prehistóricas do *Monte do Gato*, *Portomoeiro*, *Vallo*, *Mazarelas*, *O Petón*, *Outeiro da Ponte*, *As Penas I e II*, *Martán*, *Cerro de Martán* e *As Medoñas*, que suman un total de 107 túmulos, sen contar as mámoas identificadas de forma individual.

As súas infraestruturas emprázanse na mesma cordal na que se localiza a necrópole do Monte do Gato. Os aeroxeradores AE-3, AE-4, AE-5 e AE-6 localízanse entre a Mámoa 20 do Monte do Gato e a aliñación formada polos 18 túmulos e a referencia que completan o conxunto. O AE-6 sitúase a uns 175 m da Mámoa 3 do Monte do Gato e os aeroxeradores AE-4, AE-5 e AE-6 están a aproximadamente 1200 m do Castro do Painzal (GA15003132) nunha zona elevada fronte a el. Os accesos xerais atravesan a citada necrópole prehistórica, afectando directamente aos contornos de protección dos 19 túmulos prehistóricos identificados ata o momento. Por outro lado, en cartografía incluída no EIA (1:25000 do IGN) aparece o topónimo de O Castelo na zona de instalación da subestación do parque e dun área de amoreamentos.





Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- Segundo os datos que constan na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nos Montes do Gato localízanse o *Castro do Vallo* (GA15003140) e as necrópoles de *Monte do Gato* (20 mámoas as que habería que engadir tres novos túmulos identificados recentemente), *Mazarelas I e II* (13 mámoas), *Portomoeiro* (8 mámoas) e *Vallo* (6 Mámoas); próximas a estas encóntranse as necrópoles de *Outeiro da Ponte* (15 mámoas), *As Penas I e II* (18 mámoas e un petróglifo RE15003001), *Martán e Cerro de Martán* (6 mámoas), as Medoñas (9 mámoas) e a *necrópole do Petón* (12 mámoas).

Os enterramentos tumulares prehistóricos (construídos entre o V e o II milenio a.C) localízanse normalmente vinculados a vías naturais de desprazamento, lugares de asentamento, zonas topográficas prominentes de alta visibilidade (como é o caso do túmulos identificados nas áreas das infraestruturas e accesos) e zonas “tradicionais”¹ de emprazamento de mámoas. Aínda que en Galicia é moi frecuente a presenza de mámoas en parellas ou pequenos grupos de tres ou catro exemplares, as altas densidades de túmulos, como a que encontramos nos Montes do Gato, non son moi comúns. Esta concentración de necrópoles tumulares estaría definindo e acoutando todo un ámbito de especial importancia na esfera cultural das comunidades² que os construíron, tanto como área de conexión e tránsito entre varias zonas (interior e litoral e vales dos ríos Miñatos e Mandeo), como espazo funerario utilizado durante miles de anos.

Ademais da súa función funeraria e social, os túmulos prehistóricos concibíronse como elementos monumentais. A súa característica principal é a súa visibilidade na paisaxe e relaciónanse intimamente coa súa contorna, á que organizan espacialmente. Neste senso, o estudo dos seus emprazamentos demostrou a súa utilidade como fitos de orientación xeográfica relacionados cos patróns de desprazamento das comunidades prehistóricas³, sinalando as zonas de paso máis propicias.

Así pois, pode dicirse que estamos ante un ámbito de importante significación cultural, no que durante a prehistoria se creou un gran espazo funerario que se conservou ata hoxe en día, e no que, ademais, encontramos unha fosilización de outros aspectos culturais prehistóricos como as pautas de organización do espazo e os patróns de tránsito.

A alta densidade de túmulos que nos atopamos nos Montes do Gato e as súas consubstanciais interrelacións espaciais, fan que na avaliación de impactos non debamos consideralos como elementos patrimoniais singulares, analizando as agresións sobre contornos de protección individuais, senón que ten que prevalecer unha valoración do conxunto de todos eles.

Polo tanto, este impresionante entorno funerario, caracterizado por unha alta concentración de mámoas, debe conservarse sen perturbacións volumétricas que alteren a súa percepción de conxunto e desvirtúen o seu contexto espacial, cultural e natural.

Por outro lado, sinalar que, dada alta potencialidade arqueolóxica da área e vexetación existente, e moi previsible a aparición de novos xacementos arqueolóxicos na zona na que se proxecta o Parque Eólico Gato, como de feito ocorreu recentemente coa identificación de tres novos túmulos no ámbito de implantación do parque eólico Felga.

- O proxecto suporá por si só unha grave agresión sobre o conxunto de necrópoles dos Montes do Gato. As obras afectarán directamente aos contornos de protección de bens da Necrópole do Monte do Gato (19 túmulos rexistrados ata o momento e unha referencia) e a zonas de alta potencialidade arqueolóxica nas que poderían existir xacementos aínda non identificados.

Introduciranse estruturas industriais de alta visibilidade e dominación visual (aeroxeradores que acadarán unha altura duns 190 m e torres de alta tensión) que deturpan as características ambientais, alterarán as escalas de percepción dos monumentos e desvirtuarán a identidade, significado cultural e valor patrimonial dos bens e do seu contexto espacial.

Alén disto, hai que destacar tanto os efectos sinérxicos que a construción de 6 parques eólicos (PE Felga, Fontella, Gato, Feás, Penas Boas e Seselle), cos seus 40 aeroxeradores (de alturas totais duns 190 e 200m) e as súas liñas de evacuación, terá sobre os elementos patrimoniais do Montes do Gato, como a alta saturación de elementos industriais e o grave impacto ambiental sobre os valores culturais e naturais da zona que producirá a presenza todas estas infraestruturas.

- O proxecto localízase en Zona Núcleo (accesos) Zona Tampón (aeroxeradores e subestación) da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, aprobada pola UNESCO na data 28 de maio de 2013, na XXV Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa Home e Biosfera (MaB). Debemos recordar que un obxectivo desta figura de protección, e en concreto do Programa Home e Biosfera (MaB) da UNESCO, é mellorar a

1 CRIADO BOADO, F. e VAQUERO LASTRES, J. (1993) : “Monumentos nudos en el pañuelo. Megalitismos nudos en el espacio. Análisis del emplazamiento de los monumentos tumulares gallegos” *Espacio, Tiempo y Forma, Serie I, Prehist y Arqueol.*, t6, pp 205-248.
2 FÁBREGAS VALCARCE, R. E. VILASECO VÁZQUEZ, X.I. (2004) : “El megalitismo gallego a inicios del siglo XXI”. *MAINAKE*, XXVI, pp 63-87.
3 CRIADO BOADO, F. e VILLOCH VÁZQUEZ, V. (1998) : “La monumentalización del paisaje : percepción y sentido original en el megalitismo de la Sierra de Barbanza (Galicia)”. *Trabajos de Prehistoria* 55, nº 1, pp. 63 -80.





Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

relación global das persoas co seu entorno **preservando** os seus valores naturais e culturais. Segundo o *Marco Estutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera e a Estratexia do Programa sobre o Home e a Biosfera (MAB) (2015-2025)* a función outorgada ás denominadas Zonas Núcleo é a de **protección** a longo prazo e **conservación** da diversidade biolóxica e da riqueza cultural. A finalidade asignada as Zonas Tampón, nestes espazos de protección internacional, é a de minimizar os efectos negativos das actividades humanas sobre as zonas núcleo, polo que deberá prestárelles unha especial atención e, segundo os documentos arriba citados, nelas só poden ter lugar actividades compatibles cos obxectivos de **conservación**. Ademais deste papel, o *Plan de Acción de Madrid para as Reservas da Biosfera (2008-2013)* outorgoulles unha función propia para manter a diversidade cultural, biolóxica e antropolóxica.

- A *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia*, cuxa función e impulsar a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais con incidencia no mesmo, sinala no seu artigo 5 que “os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe”. Así mesmo, no seu artigo 2, establece como un dos principios que deben rexer as actuacións dos poderes públicos “defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e a súa contorna, e promovendo un uso racional ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes”.
- O *Decreto 238/2020 do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia*, establece como obxectivos de calidade paisaxística (OCP) acadar “unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais” e “un patrimonio material reflexo das interaccións pasadas entre o ser humano e o territorio, expresión territorial das condicións socioeconómicas dos diversos períodos históricos”. Respecto aos parques eólicos, un dos OCP marcado por este texto legal é conseguir “unhas instalacións de enerxía eólica deseñadas de xeito que respecten o carácter propio da paisaxe existente [...]”.
- Por último, sinalar que o desenvolvemento de enerxías limpas e renovables, a necesaria redución das emisións de CO₂ e a loita contra o cambio climático non xustifican a instalación de parques eólicos en localizacións que afecten a zonas de recoñecido valor medioambiental.

Conclusión e proposta

Á vista do exposto na análise da documentación de referencia e nas consideracións técnicas, se informa **desfavorablemente** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Gato. Febrero 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Gato. Febrero 2020*, dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



Xacobeo 2021

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
EIA e Proxecto Sectorial PE Gato (Aranga e Oza-Cesuras, A Coruña)

